



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistema Educativo e Educación en Valores

Materia	Sistema Educativo e Educación en Valores			
Código	V02M066V01104			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Biología, Xeología, Física e Química			
Descritores	Creditos ECTS 3.5	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández González, María Reyes			
Profesorado	Cid Fernández, Xosé Manuel Fernández González, María Reyes Vieites García García, Manuel F.			
Correo-e	ofoe-to@uvigo.es			
Web				

Descripción xeral

Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dunha profesional do campo educativo que quere educar sen ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar alguém sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe. Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo.

Para iso, e en primeiro lugar, é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas e, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.

A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algún modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación. Ademais, existen moitos conceptos afins á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización.

Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou más potentes que os que proceden da escola e incluso interfieren na súa acción. Polo tanto, fáise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de [Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.

Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle outorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como na LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE, si serían incluídos nos seus contidos.

Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Educación Secundaria é polo que un bloque de contido centrarse exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia consideránse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual compleméntase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE[Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación]).

Competencias

Código

- B7 Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construcción dun futuro sustentable.
- B13 Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
- C10 Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- C11 Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.
- D1 Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

O alumnado é quen de analizar os aspectos substantivos do sistema educativo español nos ámbitos estatal e autonómico. O alumnado estuda e coñece a súa estrutura nunha perspectiva histórica e actual.

O alumnado comprende os aspectos fundamentais da Lei Orgánica 2/2006 e da LOMCE, en relación cos niveis educativos vinculados ao Mestrado de Secundaria. B13 D1

O alumnado coñece e valora o rol dos axentes socioeducativos nos procesos educativos formais propios das ensinanzas de secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas. B7 C10 C11

O alumnado sabe como deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe con especial atención á equidade, a educación emocional e en valores, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e ou respecto dos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construcción dun futuro sostible.	B7	C10	D1
	B13		

Contidos

Tema

1. O Universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos. Educación formal, non formal e informal.	1.1. Concepto de educación. Trazos xerais e diferenciais. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piarezas da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas.
2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores/as, alumnado, familia) e a súa evolución.	2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOMCE. Ensinanza obligatoria e posobrigatoria. Educación Secundaria e Bacharelato. Formación Profesional. Ensiñanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. Asociacións escolares.
3. A educación en valores.	3.1. Marco conceptual da educación en valores e actitudes. Cara unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante valores e actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a educación de valores e actitudes.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	7	21
Traballos de aula	14	12.5	26.5
Resolución de problemas de forma autónoma	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Lección maxistral	O profesorado presenta os núcleos temáticos da disciplina. I
Traballos de aula	O alumnado realiza traballos nos que aplica os coñecementos desenvolvidos na sesión maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realiza un traballo propio seguendo as indicacións do profesorado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	Titorías
Traballos de aula	Titorías
Resolución de problemas de forma autónoma	Titorías

Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	O profesorado explica os aspectos básicos dos núcleos temáticos da materia	20	C10 C11
Traballos de aula	O alumnado aplica o coñecemento teórico a casos prácticos.	30	B7 B13 C10 C11
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado realiza un traballo de elaboración propia seguindo as indicacións do profesorado.	50	B7 B13 C10 D1 C11

Outros comentarios sobre a Avaliación

A calificación final da materia resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para

poder obter unha calificación positiva. O/a alumno/a que non realice todas as actividades de evaluación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xullo.

Os e as estudiantes NON ASISTENTES deberán contactar ao inicio do cuatrimestre co profesorado para coñecer o sistema alternativo de evaluación.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web do mestrado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Camps, V., **El gobierno de las emociones**, 1^a, Herder, 2011
Colom, A.J. (coord.), **Teorías e instituciones contemporáneas de la educación**, 1^a, Ariel, 1998
Delors, J., **La educación encierra un tesoro**, 1^a, Santillana / UNESCO, 1996
Esteve, J.M., **Educar, un compromiso con la memoria. Un libro para educar en libertad**, 1^a, Octaedro, 2010
Haydon, G., **Enseñar valores. Un nuevo enfoque**, 1^a, Morata, 2013
Mestre Chust, V., **La necesidad de la educación en Derechos Humanos**, 1^a, UOC, 2007
Pozo Andrés, M^a del M. (ed.), **Teorías e instituciones contemporáneas de la educación**, 1^a, Biblioteca Nueva, 2009
Puig Rovira, J.M^a, Gijón Casares, M., Martín García, X. y Rubio Serrano, L., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, 1^a, Octaedro, 2007
Sarramona, J., **Fundamentos de educación**, 1^a, CEAC, 1989
Soler, M^a.P. (coord.), **De la educación emocional a la educación en valores**, 1^a, MEC, 2008

Bibliografía Complementaria

Recomendacións